

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº10 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de xullo / Estado de moito sentidiño

O “Platuxa” barco de pesca tradicional emblemático da Illa de Ons e pertencente a familias illáns, despois de cumprir co seu cometido durante case 25 anos, traballando a todas as artes nas inmediacións da Illa de Ons, acaba de ser desarmado en O Grove despois de pasar alí nove anos no Museo da Pesca e da Salga.

Foto: Faro de Vigo. O Grove. Aquí xa lle cambiaran o nome por “Moreiras”.

Páx. 1



Ons na Memoria

Moitos lectores, preguntaron á redacción de Onstopus sobre o tema da recollida de algas na Illa de Ons.

O coordinador informoulles ao respecto e envía esta foto moi representativa.

Páx.2



CASA DE JESÚS DO CENTULO. MELIDE

Este ano, despois de moitos ocultas por unha frondosa maleza, xorden as paredes da casa situada ao oeste da Praia de Melide, á que só se intuían os restos de dous piornos. Coidamos que sería outra casa a recuperar e pasar a formar parte da importante arquitectura mariñeira da Illa de Ons.

Páx. 1

CHIRINGO AREA DOS CANS

Continúa a polémica polo obrigado desmantelamento do *chiringo* de Area dos Cans, un inxusto proceder da administración contra unhas rapazas que cumprían coa normativa que lle esixiran.

Páx. 2



ONS ARQUEOLÓXICA: CASTRO DOS MOUROS

O Castro dos Mouros é o principal xacemento arqueolóxico, pola facilidade para traballar sobre el, que ten neste intre a Illa de Ons. Solicitamos que a Consellería de Medio Ambiente, segundo o que contempla no Prux sobre este tema, programe un Proxecto de Escavación realizado por especialistas sobre este Castro, que seguro dará moita luz á prehistoria da Illa de Ons.

Páx. 3

ACTUACIÓNS DE PARQUES NA ILLA DE ONS. 2019-2020

PineirÓns envía á Consellería de Medio Ambiente e a Parques, un Informe anual sobre as problemáticas que atopa na Illa durante o ano. Eses Informes son enviados dende o ano 2010 como asociación e particularmente, algún dos seus membros aos organismo que a xestionan, dende hai máis de 40 anos. As suxestións, aínda que tarde ás veces, van xurdindo efecto polo ben da Illa e dos seus veciños e visitantes.

Páx. 4



O PLATUXA. BARCO EMBLEMÁTICO

No ano 1976 os cuñados illáns, Cesáreo e Manolo, deciden construír un barco de madeira para dedícalo á pesca tradicional nas augas da Illa de Ons. Cesáreo vivía en Ons, aínda que xa tiña casa en Bueu, e Manolo, había uns anos que se trasladara de Ons a vivir a Portonovo.

Esta embarcación, que se dedicou á maioría das artes de pesca tradicionais, tiña a súa base en Portonovo lugar onde fora construída. Nela podemos asegurar que se formaron un bo número de veciños de Ons que traballaron como mariñeiros e que despois, a medida que a súa economía llelo permitía, pasaron a ser patróns e posteriormente armadores.

Eu téñolle un enorme agarimo a este barco, primeiro porque coñezo e teño unha profunda amizade cos seus armadores e segundo porque nel pasei interesantes singraduras por aquelas datas, tanto para levarme á Illa como para marchar dela cando o transporte de viaxeiros era moi precario, á vez de permitirme participar en numerosas xornadas de pesca para tomar fotos e datos.

Uns anos antes de deixar a súa actividade pesqueira, os armadores decidiron que se quedara un con el. Foi Manolo López que pagou a Cesáreo Patiño a súa parte, pasando este a mercar un novo barco de nome “Comatí”.

Sobre o ano 2003, pasou a formar parte da Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo e estaba incluído no chamado “Proxecto Platuxa”, para reconvertela nunha aula flotante, pero as numerosísimas trabas administrativas fixeron que, despois duns anos pelexando por conseguilo e non poder utilizalo e, sen embargo, traballando continuamente nel para mantelo a flote, que decidiron, no ano 2011, ceder o barco ao concello de O Grove para a súa exposición no Museo do Mar de Punta Moreiras. Alí estivo durante nove longos anos e ata lle cambiaron o nome por “Moreiras” que non gustou a ninguén.

Non sabemos se os coidados foron os adecuados, o que si é que, despois de nove anos, unha xoia da pesca tradicional das augas do mar da Illa de Ons, desapareceu do Museo e foi desmontado.

Unha enorme pena que, cando llelo contei aos primeiros armadores e a moitos dos veciños de Ons mariñeiros dese barco, víñanlles as bágoas aos ollos. Ata sempre querido **PLATUXA!!!**



Foto arriba: Á dereita, O Platuxa no exterior do Museo do Mar de Punta Moreiras. Á esquerda, o lugar onde estaba emprazado, agora baleiro.

Foto abaixo: O Platuxa traballando nas proximidades da Illa de Ons. Cesáreo na ponte e Manolo subindo o cabo. Como mariñeiro Avelino.




CASA DE JESÚS DO CENTULO E DO SERRÁN. MELIDE

Esta casa, xa nos anos 70 do pasado s.XX atopábase nun estado lamentable. As máquinas traballaran ao seu arredor e tanto pola súa banda oeste como leste, a terra acumulábase ata as mesmas paredes. Recordo que, no ano 1984, cando se intentou regular o campismo en Melide, pola banda oeste desta casa, cubriuse o camiño e chegaba ata as paredes máis altas, cousa que foi aproveitado pola administración para utilizala como depósito do lixo xerado na zona de acampada de Melide. Coa nosa protesta, deixaron de facelo, pero nunca a limparon, quedando a mercé da natureza que a cubriu por completo. Este ano podemos observar os seus muros e piornos grazas a unha senda para observar o lagarto ocelado.

Foto de arriba dereita, a casa na actualidade.

Foto de abaixo dereita, a casa no ano 1984.



ONS NA MEMORIA

“Peirao de Ons cheo de algas a secar, foto de principios dos anos 70 s.XX.”

Despois de sacar, en Onstopus nº 9, á familia de Miro e Aurita levando sacos de algas para secar e logo vender a Checho, persoa encargada, enviaron moitos e-mails preguntando sobre esta práctica e dende cando se realizaba en Ons. Inviteinos a visitar e ler a revista AUNIOS nº 18 do ano 2013 no que Ricardo Arnaiz participa cun magnífico artigo sobre a <Explotación das algas en Galicia”, incluída a Illa de Ons, onde poden atopar unhas cantas fotos da miña autoría da recollida de algas, da posta a secar no peirao, da empacadora,..., que darán unha idea desta práctica en Ons.

Na foto vemos o peirao da Illa repleto de algas a secar, corresponde a un deses días en que os compradores de terra se puxeran en contacto con Checho solicitándolle material (algas) da mellor calidade e que pagarían ben, cousa que animou a un bo número de familias a ir ás rochas na súa procura.

Polo xeral, ían as mulleres e nen@s mentres os homes estaban inmersos nas súas faenas pesqueiras e era un complemento económico interesante para a complicada economía dalgúns veciños illáns nuns tempos en que comezaban a diáspora cara a Bueu.



ONS EN LOITA E PINEIRÓNS, APOIO AO CHIRINGO

O tema de mandar quitar o *chiringo* de Area dos Cans segue sendo tema de debate na Illa de Ons e en todos os faladoiros, que dunha maneira ou outra, teñen que ver coa Illa. Que mal facía o *chiringo* alí?

Fai 31 anos os pais das rapazas que agora o rexentaban, conseguiron que a administración lles deixara móntalo, primeiro na Praia, ata que se deron conta que unha repentina marusía podería levarllo por diante. Logo obtiveron permiso para montalo na veiga de *Chin*, mesmo enriba da praia, dando un servizo importantísimo aos veciños e visitantes, cumprindo todas as normas que lle esixían. Despois, fai 4 anos, dende a administración xestora, permitíronlles montar un fixo (de non ter permiso, nunca o farían) pero esa autorización déronllela, daquela maneira, e agora, cando o Aplu, sen ter en conta a posición na que se atopan esas rapazas, mándanllelo quitar, e, os que deron esa conformidade, calan e non lles importa para nada afundir a dúas rapazas que o único que querían era TRABALLAR. O domingo pasado houbo unha manifestación espontánea dos veciños de Ons e seguirán facéndoa para demostrar como trata aos veciños de Ons a administración xestora.

ONS, OUTRA PEDRA NO CAMIÑO!!!

É moi sinxelo cargarse ao débil, máis aínda cando o tes aducido e fai, dende hai anos, o que lle din sen protestar, dirixidos polo medo.

Os *chiringos*, a día de hoxe, teñen que ser de quita e pon, pero iso xa o tiñan, se se cambiou a fixo e se mercou, foi porque alguén da administración llelo dixo, e ata con papeis.

Non só se cargaron a vida de dúas mozas obedientes, destruíron a memoria dunha muller illán, que só vivía para os demais, a súa nai, que moito loitou por telo.

A nós, ao igual que a elas, arrancáronnos as nosas vivencias e educación, unha parte do noso ser, como se non valera nada, creando precedente, como os caciques fan dende hai anos para exterminarnos a todos no segundo que elixan cun só estalo dos seus dedos.

VARU. Xulio 2020



ONS ARQUEOLÓXICA

CASTRO DOS MOUROS. BARRIO DE CANEXOL

Texto sacado de: Cies.gal. Ons, unha illa habitada de Paula Ballesteros Arias e Cristina Sánchez-Carretero.

Trátase dun asentamento fortificado da **Idade do Ferro**. Esta entidade está situada sobre a ladeira dun outeiro denominado **Alto de Altura**, xusto no lugar máis estreito da illa, nunha antiga zona agrícola. A xente da illa tamén chama O Castillo ou O Castillo Vello.

O asentamento ten un único recinto habitacional, inclinado cara o leste, está rodeado por un foxo e un parapeto, ambos con máis potencia no arco norte-oeste-sur. Ademais, obsérvase, o que parecen ser, na parte oeste, dous pequenos foxos separados por un pequeno parapeto.

A través das notas cedidas por José Manuel Caamaño Gesto, tomadas dunha prospección realizada na illa en 1985, apréciase un maior detalle na descrición, xa que nese momento a vexetación era menos abundante e, polo tanto, resultou máis doado acceder ao recinto e ver as estruturas asociadas:

“O **xacemento castrexo** é de forma elíptica. Croa en desnivel cara o lado leste. Ten foxos e terrapléns. Na zona oeste succédense tres foxos que alternan con terrapléns e parapetos. Na zona suroeste, o primeiro foxo está escavado na rocha, precisamente este foso rodea todo o castro. En canto aos sistemas de acceso, non se aprecia con claridade ningunha porta de acceso, pero pensamos que estaría situada na parte leste que é a máis accesible”.

Segundo apunta Caamaño “aparece cerámica común romana, tégula e se aprecian restos de muros rectangulares, postos ao descuberto por furtivos. Estas construcións se están ubicadas na zona norte do castro. Tamén nesta zona podemos ver os restos dun pequeno cuncheiro no que aparecen lapas, mexillóns e osos de animais”. Incluso apunta que “con posterioridade puido ver un fragmento de cerámica sigilata hispánica atopado no castro”.

Estes datos puideron ser contrastados nunha prospección feita no castro por nós, no 2012. Efectivamente documentouse na parte máis alta, ao norte, un depósito de cunchas nunha escavación feita por furtivos. Pola súa escaseza pode tratarse dunha zona marxinal dun depósito maior e mellor definido, ou simplemente dun depósito singular. Está conformado basicamente por lapas e mexillóns de pequeno tamaño. Na superficie había restos de tégula e de ímbrices ademais de materiais construtivos tipo ladrillo de diverso tamaño e en diferente grao de rodamento e estado de conservación. Isto é un indicador de que o uso e ocupación deste asentamento fortificado estendeuse, polo menos ata época romana.

Desde o punto de vista interpretativo, unha vez visto o lugar e cruzando información asociada pode dicirse que é posíbel que as estruturas defensivas pechen o asentamento polo lado oeste, chegando ata a liña de acantilado actual.

NOTA: Para o tema do Castro dos Mouros, pensei que, como texto principal, mellor era engadir o estudado por especialistas.


CASTRO DOS MOUROS. Tinón

Coido que o Castro dos Mouros é o vestixio máis interesante para comezar a traballar a parte arqueolóxica de Ons. Atópase no lugar histórico máis importante da Illa, a carón da salga romana de Canexol e da Cova dos Mouros, da posible radicación do probable mosteiro,..., moi preto da laxe do Crego,..., e ao lado da capela e da zona elixida polo Marqués de Valladres para montar o seu núcleo agrícola.

Despois dos estudos realizados e a catalogación feita polo equipo de Paula Ballesteros, agora só queda poñerse a traballar sobre el, pois estamos seguros que nos vai dar unha enorme e extraordinaria información histórica.

Neste intre habería que realizar unhas primeiras postas en común entre especialistas, ver como se pode acometer a súa escavación, executar unhas primeiras prospeccións,..., e logo programar unha escavación exhaustiva, técnica, científica e, loxicamente, dirixida por especialistas.

Para o seu financiamento só hai que poñerse en contacto con Patrimonio Histórico, con Fomento, coa Deputación e coa Universidade. A Consellería de Medio Ambiente ten estes proxectos incluídos no Prux, só hai que executalos.



Arriba: Castro dos Mouros dende o aire. Foto: Voz
Medio: Castro dos Mouros dende Chan da Pólvara.
Abaixo: Parte oeste do Castro. Vista do cumio.

ARRANXO DE CAMIÑOS. 2019

No verán do pasado ano 2019 vimos como dende a administración se levaba a cabo o arranxo de practicamente todos os camiños da Illa, cousa que agradecemos ao ser unha reivindicación que Pineiróns leva pedindo dende hai máis de 13 anos. Aínda así, a asociación recomendaba que antes da execución destes traballos, se realizara un estudo sobre os terreos, pois sabemos que o inverno é duro neste arquipélago e uns pequenos desniveis do terreo, provocan correntes de auga que traen como resultado o seu deterioro e como consecuencia volver a arranxalo de novo co conseguinte gasto económico que podería empregarse noutra necesidade.

Foto: Camiño arranxado e moi deteriorado despois do inverno.



MESAS DE PEDRA. 2019

Dende Pineiróns tamén se solicitou a Parques o cambio das deterioradas e antihixiénicas mesas de madeira que había na baixada á Praia de Area dos Cans. Coidabamos que unhas de pedra, como as que había na antiga zona de acampada de Chan, serían as ideais. No verán de 2019 arranxaron esa zona e colocaron unhas mesas adecuadas que, neste verán 2020, quedaron inutilizadas por mor do Covid-19.

Foto: Mesas colocadas no ano 2019 na baixada a Area dos Cans.



ARRANXO CAMIÑO BAIXADA RENTE AO PIRATA. 2020

O camiño que dende o restaurante Pirata baixa cara á caseta de Primeiros Auxilios, tamén no inverno quedou moi deteriorado e nun estado máis que perigoso de vistas ao verán.

Parques, con moi bo criterio, decidiu arranxalo, e moi ben por certo, para aguantar as inclemencias do inverno.

Foto esquerda: como se atopaba no entroido.

Foto dereita: cando o estaban a arranxar en xullo.



ARRANXO BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

Dende hai anos, Pineiróns, nos seus Informes, viña solicitando a Parques que se pechara a baixada pola duna de Canexol á Praia co fin de evitar o seu xa grave deterioro e non prexudicar á flora que nela crecía, algunha, en perigo de extinción. Daba como alternativa unha baixada ao carón do camiño a menos de 50 metros desa e que, aínda en moi mal estado, era xa utilizada.

Con alegría vimos que este ano están traballando no arranxo da baixada elixida, con máis ancho e utilización de pedra. Esperemos que quede ben.

Foto: Baixada á praia de Canexol. Inicio das obras.



CENTRO DE VISITANTES

Pineiróns, nos últimos anos, enviou a Parques varias suxestións co fin de que ese Centro cumpra mellor a súa función. Entre elas estaban a ampliación de horarios, posta en funcionamento de actividades, chegar a acordos con navieiras, cámping, campamentos, ..., para a realización de visitas guiadas e potenciar actividades que axudaran a unha mellor divulgación do espazo natural, á vez, de dar alternativas culturais e naturais aos numerosos visitantes que escollen Ons como zona de visita puntual ou como lugar de vacacións.

Este ano, aínda que o Covid-19 fixo imposible a apertura segura do Centro e a realización de actividades, sen embargo aumentouse o horario de información nel tanto de mañá como de tarde e realizáronse actividades neste mes de xullo. Ogallá, cando todo isto remate, o horario sexa o elixido e as actividades máis numerosas.

Fotos: Anuncio e desenvolvemento de actividades.

